

## A negociación do Novo Estatuto Marco, a oportunidade de acadar unha verdadeira clasificación profesional

O Ministerio de Sanidade convoca, o día 21 de novembro, unha nova reunión para continuar coa negociación do Estatuto Marco (EM), nesta reunión indican que se comezará a negociar, por fin, a **clasificación profesional** e o **régime de xornada e descansos**.

CIG-Saúde demanda que o EM regule a xornada máxima (ordinaria + atención continuada ou complementaria) a realizar e o réxime de descansos.

Para **CIG-Saúde** esta negociación é a oportunidade para incorporar unha **clasificación profesional adaptada ás e aos profesionais da sanidade pública**.

Demandamos que o Novo Estatuto Marco **incorpore unha clasificación propia, que recoñeza os requisitos de titulación, a formación sanitaria específica e a prestación do traballo que se realiza**, e estableza un **régime extraordinario de adaptación** da situación actual aos novos requirimentos.

### Propostas de CIG-SAÚDE para a clasificación das profesionais da sanidade nun Novo Estatuto Marco

|   |   |   |
|---|---|---|
| Unha clasificación para todas as categorías.                | ⇒ | Retribucións adaptadas á nova categoría.  |
| Sistema retributivo propio da sanidade.                     | ⇒ | Actualizar a retribución do persoal estatutario.  |
| Desaparición das agrupacións profesionais.                  | ⇒ | Requisito mínimo de titulación ESO, FP básico.  |
| Unha nova clasificación do grupo A.                         | ⇒ | Creación dun único grupo A  |
| Grupo A con retribucións comúns:<br>Salario base + Trienios | ⇒ | Diferenza salarial nas retribucións complementarias, en función da prestación e dos requisitos de titulación. Recoñecemento da formación sanitaria especializada. |

### Proposta de Clasificación CIG-SAÚDE. Atendendo ás titulacións académicas

| Grupo profesional        | Requisito de Titulación  |
|--------------------------|--|
| A                        | Titulación Universitaria.  |
| B                        | Técnicos Superiores de Formación Profesional.                        |
| C1                       | Bacharelato, Formación Profesional Grao Medio.                       |
| C2                       | Educación secundaria obrigatoria, Formación Profesional Grao Básico. |
| Agrupacións Profesionais | Desaparición deste grupo e incorporación no grupo C2.                |

